

ACTA NÚM. 10/13

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 31 DE OUTUBRO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día trinta e un de outubro de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.^a María Xesús Castro Calviño

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. M^a Margarita Canay Pintos.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- ORZAMENTO 2014
- 3.- MOCION APRESENTADAS
- 4.-INFORME DE MOROSIDADE 3 TRIMESTRE 2013

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-

Dada conta da acta de data 26.09.2013 non se formulan observacións á mesma e apróbbase por unanimidade.

2.-ORZAMENTO 2014

Dase conta do orzamento para o exercicio de 2014 sinalando que o orzamento esta axustado en base os resultados da liquidación do exercicio anterior e os datos e cálculos feitos para cumprimentar a documentación que periodicamente se envía ó Ministerio de Hacienda, tamén se fai un cálculo axustado da recadación prevista tendo en conta que en ningún caso chega o cen por cen Tamén se fai constar o condicionante que supón o endebedamento do concello e a prioridade do pago da débeda imposta por lei, neste senso é de salientar que rematado o periodo de carencia do préstamo por importe de 1.162.908,97 euros formalizado o 22/05/2012 para a financiación do pago a provedores as cotas trimestrais por un importe aproximado de 15.000 euros pasaran a cantidades en torno ós 50.000 euros

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernandez Abraldes sinalando que en todo caso o orzamento é o resultado da xestión de exercicios anteriores con unha falta de capacidade para gasto en inversións, resaltando que o incrementen dos impostos non se traduce nunha mellora na prestación dos servizos, lembra que segue pendente o pago os importes das expropiacións do proxectos de Barosa e de proxecto de Constenla a varios veciños, anuncia o voto en contra do seu grupo.

Sr. Sanmartín Soto, mostra a su coincidencia coas consideracións do voceiro do BNG e remarca que o alcalde ten que dar prioridade ó cumprimento co saneamento económico en lugar da ampaliación do saneamento, e cuestiona a previsión nas bases de execución de subvencións ó club de futbol a través dunha asociación o que supón dudar da honorabilidade das persoas polo feito de que pasen a formar parte da directiva do club persoas que non lle son afíns o Alcalde.

O asunto foi dictaminado en Comisión informativa de asuntos do pleno de data 31/10/13.

Sometido o asunto a votación, a corporación municipal ACORDA por maioría, absoluta con 6 votos a favor; votan Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 votos en contra; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	488.700,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	991.800,00
3	Gastos financeiros	68.000,00
4	Transferencias correntes	50.100,00
6	Investimentos reais	132.600,00

7	Transferencias de capital	200,00
8	Activos financeiros	100,00
9	Pasivos financeiros	126.200,00
TOTAL		1.857.700,00

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	683.100,00
2	Impostos indirectos	15.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	259.100,00
4	Transferencias correntes	879.900,00
5	Ingresos patrimoniais	18.700,00
6	Alleamento de investimentos reais	300,00
7	Transferencias de capital	700,00
8	Activos financeiros	500,00
9	Pasivos financeiros	400,00
TOTAL		1.857.700,00

Segundo.- Aprobación das retribucións do persoal con aplicación dos incrementos que resulten da aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado

PLANTILLA DE POSTOS DE TRABAJO

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	nº	vacantes	Grupo	Nivel C.D.	C.Espec.
A)HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL					
Secretario-Interventor	1	---	A1	26	19.211,78
B)ESCALA DE ADMON. XERAL.					
<u>Subescala Técnica</u>					
Técnico Medio Xestión	1	---	A2	24	11.821,60

Subescala Administrativa					
Administrativo	1	---	C1	22	5.387,76

B) POSTOS DE TRABALLO SUXEITOS Á LEXISLACIÓN LABORAL

B.1.- PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación	vacant.	nº postos	Situación	Retribucións
Asistente Social	---	1	laboral fixo	28.405,32
Conserxe Grupo Escolar	---	1	laboral fixo	19.633,88
Operario 1	--	1	laboral fixo	16.775,54

B.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	n ° prazas	vacantes	situación
Informador Xuvenil	1	0	temporal
Arquitecto-Técnico	1	0	temporal
Auxiliar	1	0	temporal
Auxiliar Secretario xulgado.	1	0	temporal
Oficiais 1ª	2	0	temporal
Monitor deportivo	1	0	temporal

Terceiro.- Aproba-las bases de execución do orzamento expresado.

Cuarto.- Aprobación dos importes que se detallan por asistencias dos membros da corporación:

Concelleiros:

- Asistencias asesiões das Comisións Informativas: 50,00 €
- Asistencias a sesiões da Xunta de Goberno Local:70,00 €
- Assitencias a sesiões do Pleno: 100,00 €

Alcalde:

- Asistencias a sesiões das Comisións Informativas, Xunta de Goberno Local e Pleno: 300 € sin límite de contía anual.

Quinto.- Expoñer ó público o orzamento aprobado polo prazo de 15 días no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello para os efectos de reclamacións, que se considerara definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións, sin necesidade de adopción de

novo acordo.

3.- MOCION PRESENTADAS.

Sen contido, non hai asuntos que tratar.

4.- INFORME DE MOROSIDADE 3º TRIMESTRE 2013

A regulación da morosidade ven determinado polo previsto na lei 3/2004 de 29 de decembro, modificada pola lei 15/2010 de 5 de xullo, de medidas contra a morosidade e o RDL 3/2011 de 14 de novembro, Texto Refundido lei de Contratos do Sector Público, modificado por RDL 4/2013 de 22 de febreiro

O art. 4 da Lei 15/2010 prevé que:

3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

Cumprindo o disposto nos apartados 3 e 4 do artigo cuarto, así como no apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, dase conta dos estadillos referidos o terceiro trimestre de 2013:

PAGAMENTOS REALIZADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE

DENTRO DO PERIODO LEGAL		FORA DO PERIODO LEGAL	
nº pagamentos	importe total	nº pagamentos	importe total
102	83.395,92	155	172.871,46

Periodo medio de pagamento:35 días

Periodo de pago excedido: 5 días.

FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO TERCEIRO TRIMESTRE

DENTRO DO PERIODO LEGAL		FORA DO PERIODO LEGAL	
nº de operacións	importe total	nº de operacións	importe total

59	40.923,70	0	0
----	-----------	---	---

Periodo medio do pendente de pagamento: 12 días.

Periodo medio do pendente de pagamento excedido: 0 días.

Os membros da Corporación danse por enterados.

A sesión rematou ó fin das vinteunha horas trinta e cinco minutos. Dou fe.